



BOLSA DE EMPREGO OPERARIOS/AS PEÓNS 2021

1º EXERCICIO/TIPO TEST (18/06/2021)

1.- A trola (*llana*) utilízase para

- a) Nivelar.
- b) Abrir regolas ou rozas.
- c) Para extender e aplanar morteiros.
- d) Para alicatar.

2.- O punteiro utilízase para:

- a) Sacar uns puntos ao mesmo nivel.
- b) Partir o formigón.
- c) Abrir gabias.
- d) Abrir regolas.

3.- A ferramenta que sinala ou indica a horizontalidade denomínase:

- a) Plomada trazadoira.
- b) Plomada.
- c) Tiralíñas.
- d) Nivel.

4. Cando nunha planta queremos que produza máis flores e froitos, a fertilizamos con:

- a) Nitróxeno.
- b) Fósforo.
- c) Potasio.
- d) Amoniaco.

5. As tellas romanas ou flamengas:

- a) Teñen forma de canal cónico.
- b) Presentan resaltes ou canaletas de pouca curvatura.
- c) Teñen forma de ese, formando a canal e a cobixa unha soa peza.
- d) Están formadas por canal e tella cuberta (*cobija*) en pezas diferentes.

6.- A avaliación de riscos laborais:

- a) É obrigatoria para todas as empresas.
- b) Non é obrigatoria, só as empresas que o vexan necesario realizarán esa avaliación.
- c) É obrigatoria para as empresas que teñan factores elevados do risco.
- d) Ningunha é correcta.

7.- A posibilidade de designar o empresario a un ou varios dos seus traballadores como servizo de prevención poderase efectuar:

- a) En todas as empresas.
- b) Só nas que o autorice a Inspección de Traballo.



- c) En empresas de pequeno tamaño e escasos riscos.
- d) En empresas con máis de 200 traballadores.

8.- A aresta maior dun ladrillo denomínase:

- a) Canto.
- b) Táboa.
- c) Tizón.
- d) **Soga.**

9.- Os desparafusadores do electricista:

- a) Todos son buscapolos.
- b) **Existen de punta plana e de estrela.**
- c) As veces utilízanse como pequenos cinceis para abrir hocos.
- d) Deben ter a mesma largura.

10.- A máquina utilizada para afondar e limpar terreos chámase:

- a) Galleiteira (*galletera*).
- b) Topadora.
- c) **Draga.**
- d) Compresor.

11.- O compresor utilízase:

- a) Para comprimir a terra.
- b) Para excavar a terra.
- c) Para transporte de materiais e cascallos.
- d) **Coma fonte de enerxía para que funcione outra máquina ou ferramenta.**

12.- O soplete de aire quente utilízase en soldaduras de:

- a) **Plástico.**
- b) Chumbo.
- c) Cobre.
- d) Prata.

13.-O multímetro (*polímetro*):

- a) É un aparello que serve para medir seccións de condutores entre outras cousas máis.
- b) Fai as funcións de óhmetro, voltímetro e amperímetro exclusivamente.
- c) É un aparello dixital.
- d) **Ningunha é correcta.**

14.-O estado de excepción será declarado por:

- a) **O Goberno.**
- b) O Congreso dos Deputados.
- c) O Rei.
- d) Ningunha é correcta.

15.- A quen corresponde o exame, emenda, aprobación e control do orzamento da Comunidade Autónoma galega:

- a) Á Xunta.
- b) **Ao Parlamento.**
- c) Ao Defensor do Pobo.
- d) Ao Defensor tributario.

16.- A aprobación das formas de xestión dos servizos públicos nos Concellos de Municipios de réxime común corresponde xenuinamente ao/a/á:



- a) **Pleno.**
- b) Presidente.
- c) Xunta de Goberno Local.
- d) Comunidade Autónoma respectiva.

17.- A deducción proporcional de retribucións pódese impor en caso de faltas:

- a) **Graves ou leves.**
- b) Moi graves e graves.
- c) Exclusivamente leves.
- d) Ningunha é correcta.

18.- ¿Cál de estas ferramentas é a máis característica dun albanell?

- a) Chave inglesa.
- b) Cepillo de madeira.
- c) **Paleta.**
- d) Micrómetro.

19.- A maquinaria composta por un bombo ou tambor é:

- a) A tolva.
- b) A draga.
- c) A galleiteira (*galletera*).
- d) **Ningunha das anteriores.**

20.- ¿Pódese transportar persoas co dúmper?

- a) **Non, salvo cando se disponga de trasportín.**
- b) Non, en todos os casos.
- c) Si, se se ten coidado.
- d) Si, se a persoa a transportar pesa menos de 90 Kg.

Preguntas de reserva:

21.- A eliminación dos chupóns que saen da base do tronco, é un tipo de poda:

- a) De formación.
- b) Topiaria.
- c) Sanitaria.
- d) **Incentivadora da floración.**

22.- O formigón é un material composto de:

- a) **Area, grava e cemento.**
- b) Calcaria, arxila e cal.
- c) Calcaria, arxila e grava.
- d) Arxila, area, grava e cal.

23.- A representación do Concello compete ao/á/os:

- a) **Alcalde.**
- b) Pleno.
- c) Xunta de Goberno Local.
- d) Tenentes de Alcalde no seu ámbito competencial respectivo.

24.- ¿En qué municipios existirá obrigatoriamente a Xunta de Goberno Local?:

- a) É obrigatorio sempre.
- b) **Nos de máis de 5.000 habitantes.**
- c) Nos de menos de 5.000 habitantes.
- d) Non é obrigatorio nunca.